

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2023

A Xunta de Goberno Local celebra sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, o día trece de outubro de 2023, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. primeiro tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para a legalización de modificacións de ampliación dalgunha das construcións existentes en explotación de vacún de leite, no lugar de Cainzo, número 1, Santalla de Lamas, como modificación do proxecto con licenza procedemento 2020/Y001/000315 (2023/Y001/000227).

Tamén se acorda a concesión da licenza urbanística para ampliación de nave para corte e enfermería, con licenza urbanística número 330/2018, en Belesar, parroquia de San Xoán do Campo (2023/Y001/000150).

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e Impulso Rural e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.